

oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xuramentado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas do traballo en que conste o nome da revista, ou título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario ou índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

b) Por impartir docencia posgraduada na categoría: 0,20 puntos por ano (ata un máximo de 1 punto).

c) Por cada premio de investigación outorgado por sociedades científicas a traballos publicados en revistas científicas en materias relacionadas coa categoría:

-Premio de ámbito internacional: 1 puntos.

-Premio de ámbito nacional: 0,50 puntos.

-Premio de ámbito autonómico/local: 0,25 puntos.

d) Por cada participación en proxectos de investigación do Ministerio de Sanidade e Consumo ou dun servizo de saúde:

-Investigador principal: 1 punto.

-Investigador colaborador: 0,25 puntos.

e) Por pertencer a redes de investigación do Instituto de Saúde Carlos III:

-Por cada rede temática de investigación: 0,30 puntos.

TEMARIO MÉDICOS 061

-Parte común.

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos/as españois/las. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos/das usuarios/as do sistema sanitario público.

Tema 4. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da

condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6. A Lei de saúde de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7. A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8. Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas institucións sanitarias e medidas de prevención. Principios básicos do Plan xeral de prevención de riscos laborais do Servizo Galego de Saúde.

-Parte específica.

Tema 1. Coordinación e regulación médica: a atención integral ás urxencias sanitarias. Modelos de organización e sistemas.

Tema 2. Coordinación da atención urxente: o centro coordinador. Funcións. A regulación médica da demanda. Sistemas de clasificación da demanda.

Tema 3. Estructura, organización e funcionamento dun centro coordinador de urxencias.

Tema 4. Asistencia a múltiples vítimas en catástrofes: principios xerais de asistencia a múltiples vítimas e catástrofes.

Tema 5. Dispositivos de risco previsible.

Tema 6. Transporte sanitario. Tipos. Fisiopatoloxía. Situación actual na nosa comunidade autónoma.

Tema 7. Soporte das funcións vitais: soporte vital básico e soporte vital avanzado.

Tema 8. Soporte das funcións vitais: manexo da vía aérea. Ventilación mecánica. Shock. Fisiopatoloxía e manexo.

Tema 9. Soporte das funcións vitais: fluidoterapia. Farmacoloxía de drogas de uso frecuente no mantemento de funcións vitais.

Tema 10. Aparello dixestivo e patoloxía abdominal: corpos estraños a nivel dixestivo. Hemorraxia dixestiva alta e baixa. Dor abdominal. Abdome agudo. Diarrea e estrinximento.

Tema 11. Aparello cardiovascular: insuficiencia cardíaca. Edema agudo de pulmón. Miocardiopatías. Dor torácica aguda. Síndrome coronaria aguda.

Tema 12. Aparello cardiovascular: pericardite e tapo-namento cardíaco. Arritmias cardíacas e trastornos do encanamento. Interpretación electrocardiográfica.

Tema 13. Aparello cardiovascular: Urgencia e emerxencia hipertensiva.

Tema 14. Aparello cardiovascular: tromboflebite, varicohemorraxia e tromboembolismo. Patoloxía arterial aguda.

Tema 15. Metabolismo e endocrinoloxía: urxencias do paciente diabético (cetoacidose, coma hiperosmolar, hipoglicemia). Manexo do paciente diabético. Insulinas: tipos e manexo práctico.

Tema 16. Nefroloxía. Fracaso renal agudo. Manexo do paciente con problema de vías urinarias: infección urinaria, litíase, hematuria

Tema 17. Sistema nervioso: accidentes cerebrovasculares agudos (isquémicos e hemorráxicos).

Tema 18. Sistema nervioso: síndrome menínxea.

Tema 19. Sistema nervioso: convulsións. Status epiléptico.

Tema 20. Síncope.

Tema 21. Manexo do paciente con cefalea, mareo e vertixe

Tema 22. Sistema nervioso: coma. Síndrome confu-sional aguda.

Tema 23. Aparello respiratorio: obstrución aguda da vía aérea. Corpos estraños.

Tema 24. Aparello respiratorio: insuficiencia respi-ratoria aguda. Pneumonía, tuberculose pulmonar, EPOC, Asma bronquial y estatus asmático.

Tema 25. Aparello respiratorio: tromboembolismo pulmonar.

Tema 26. Sistema inmunitario: reaccións alérxicas e anafilaxia.

Tema 27. Infeccioso: sepsis e shock séptico.

Tema 28. Obstetricia: urxencias e emerxencias do embarazo. Parto de emerxencia. Manexo das urxen-cias relacionadas co embarazo, o parto e o puerperio. Planificación familiar.

Tema 29. Axentes físicos: patoloxía por calor. Hipotermia. Queimaduras e electrocución.

Tema 30. Axentes físicos: accidente disbárico. Afogamento.

Tema 31. Intoxicacións: tratamento xeral do paciente intoxicado. Intoxicacións máis frecuentes: alcohol. Anfetaminas e drogas de deseño. Antide-presivos tricíclicos. Benzodiazepinas. Cáusticos. Cocaína. Mórficos e opiáceos. Salicilatos.

Tema 32. Atención a situacións urxentes en saúde mental: intentos de suicidio, axitación e agresividade.

Tema 33. Oncoloxía: urxencias no paciente onco-lóxico. Manexo do paciente terminal (coidados paliativos). Dor oncolóxica.

Tema 34. Traumatoloxía: atención inicial ao paciente politraumatizado.

Tema 35. Traumatoloxía: escordaduras, luxacións e fracturas.

Tema 36. Traumatismo craneoencefálico. Lesión medular traumática.

Tema 37. Traumatismos torácicos e abdominopél-vicos. Lesións viscerais.

Tema 38. Traumatismo en extremidades. Amputa-ción traumática.

Tema 39. Manexo do paciente con dor osteomuscu-lar e articular.

Tema 40. Pediatría: reanimación do RN con depre-sión ou parada respiratoria, con parada cardiorrespi-ratoria, con líquido amniótico meconial.

Tema 41. Pediatría: larinxite. Bronquiolite. Asma. Asfixia. Obstrución da vía aérea.

Tema 42. Pediatría: Convulsións.

Tema 43. Pediatría: procedemento no neno poli-traumatizado. Escala de Glasgow en nenos. Queima-duras graves.

Tema 44. Pediatría: hipoglucemia grave.

Tema 45. Pediatría: transporte do neonato.

Tema 46. Manexo do neno con febre e enfermida-des infecciosas.

Tema 47. Vacinacións en neno e adulto.

Resolución do 11 de decembro de 2008, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de odontólogo/a de atención primaria.

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, modificado polo Decreto 236/2008, do 16 de outubro, regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no Decreto 199/2008, do 28 de agosto, polo que se aproba a oferta de emprego público das categorías de persoal estatutario licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2008, procede agora acordar e publicar as bases que van rexer a convocatoria da devandita oferta.

Esta convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo co arti-go 14 da Constitución española, a Directiva Comu-

de Economía e Facenda, por Orde do 2 de agosto de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 157, do 16 de agosto), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, modificado polo artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril; visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normativa vixente, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Designar a funcionaria que se cita no anexo desta orde para ocupar o posto que así mesmo se sinala.

Segundo.-O cesamento no actual destino efectuarase segundo o previsto no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres días a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou segundo o establecido na normativa de aplicación na súa Administración de orixe. A toma de posesión deberá facerse no prazo de tres días a partir do seguinte ao do cesamento ou no dun mes, segundo proceda, de conformidade co disposto no referido artigo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause alta o funcionario efectuará, dentro dos prazos sinalados anteriormente, a dilixencia de toma de posesión, e seguidamente serán realizados os trámites para a súa alta en nómina.

Das dilixencias efectuadas serán remitidas copias á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2006.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

ANEXO

Apelidos e nome: Lorenzo Fernández, Mª Pilar.
NRP: 3498885886 A2294.

Grupo: D.

Denominación do posto: secretario/a do director xeral.

Código do posto: EFC060000015770001.

Nivel: 18.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Localidade: Santiago de Compostela.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 5 de decembro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproban os temarios que rexerán nas probas selectivas derivadas da oferta de emprego público da categoría de farmacéutico de atención primaria de persoal estatutario deste organismo para o ano 2006.

De conformidade coas competencias atribuídas no artigo 4.2º da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, con carácter previo á publicación das correspondentes convocatorias no *Diario Oficial de Galicia*, esta división

RESOLVE:

Punto único.-Aprobar os temarios que rexerán nas probas selectivas derivadas da oferta de emprego público da categoría de farmacéutico de atención primaria de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006, que se publican como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

FARMACÉUTICOS PRIMARIA

Categoría:

Temario farmacéutico de atención primaria.

* Parte común:

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. Lei xeral de sanidade: fundamentos, características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6. A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O Sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7. A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8. Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas institucións sanitarias e medidas de prevención. Conceptos. Principios básicos do Plan xeral de prevención de riscos laborais do Sergas.

* Parte específica:

Tema 9. Lei 29/2006, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios. Título VI: do uso racional do medicamento.

Tema 10. Funcións e actividades do FAP. Coñecementos e medios necesarios. Nivel de responsabilidade. Importancia das funcións dos farmacéuticos de atención primaria.

Tema 11. Lei 5/1999, de ordenación farmacéutica de Galicia.

Tema 12. Decreto 176/2001, de creación dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria do Sergas.

Tema 13. A receita médica. Réxime xurídico. Modelos oficiais de receita médica para a prestación farmacéutica. Receita e requisitos especiais de prescrición e dispensación de estupefacientes para uso humano.

Tema 14. Información de medicamentos e produtos sanitarios. Selección de medicamentos. Fontes de información. Información activa e pasiva. Bases de datos de medicamentos e produtos sanitarios.

Tema 15. A prestación farmacéutica. Condicións de financiamento dos medicamentos e produtos sanitarios. Medicamentos xenéricos. Concepto de bioequivalencia. Prezos de referencia. Lexislación vixente.

Tema 16. Xestión de medicamentos e produtos sanitarios en situacións especiais: uso compasivo, medicamentos estranxeiros, reintegro de gastos.

Medicamentos para pacientes con fibrose quística, pacientes hemofílicos e pacientes VIH+.

Tema 17. Farmacovixilancia. Reaccións adversas a medicamentos e produtos sanitarios. Rede galega de alertas sobre riscos relacionados cos medicamentos e produtos sanitarios de uso humano.

Tema 18. Ensaio clínico: marco xurídico. Concepto de ensaio clínico. Fases e tipos de ensaios clínicos. Aspectos éticos e legais.

Tema 19. Avaliación do uso dos medicamentos. Estudos de utilización dos medicamentos. Indicadores da calidade da prescrición.

Tema 20. Farmacoeconomía: tipos de análises farmacoeconómicas: minimización de custos, custo-beneficio, custo-utilidade e custo-eficacia.

Tema 21. Homologación sanitaria de receitas: Decreto 244/2003, de homologación sanitaria de receitas. Modificacións e circulares relacionadas.

Tema 22. Condicións xerais de prescrición e dispensación de medicamentos. Clasificación dos medicamentos: clasificación ATC. Medicamentos de uso hospitalario, diagnóstico hospitalario, especial control médico, cupón precinto diferenciado. Especialidades farmacéuticas publicitarias. Excipientes de declaración obrigatoria.

Tema 23. Avaliación, autorización, rexistro e condicións de dispensación de medicamentos de uso humano fabricados industrialmente.

Tema 24. Farmacoterapia dos problemas do sistema nervioso I: epilepsia. Enfermidade de Alzheimer. Estratexias terapéuticas.

Tema 25. Farmacoterapia dos problemas do sistema nervioso II: enfermidade de Párkinson. Outras anomalías do movemento: tremor esencial, corea, espasticidade. Estratexias terapéuticas.

Tema 26. Farmacoterapia dos problemas do sistema nervioso III: depresión. Ansiedade. Insomnio. Estratexias terapéuticas.

Tema 27. Farmacoterapia dos problemas do sistema nervioso IV: trastornos psicóticos. Esquizofrenia. Trastorno bipolar. Estratexias terapéuticas.

Tema 28. Farmacoterapia na drogodependencia: alcohol e drogas de abuso.

Tema 29. Profilaxe e tratamento da migraña, neuralxia do trixémimo e vertixe. Estratexias terapéuticas.

Tema 30. Farmacoterapia da dor e inflamación en atención primaria. Escala analxésica da OMS. AINES, opiáceos e tratamentos coadxuvantes. Estratexias terapéuticas no manexo da dor.

Tema 31. Farmacoterapia dos problemas osteomusculares I: osteoporose e artrose. Estratexias terapéuticas.

Tema 32. Farmacoterapia dos problemas osteomusculares II: artrite e gota. Estratexias terapéuticas.

Tema 33. Farmacoterapia dos problemas cardíacos e vasculares I: hipertensión arterial. Urxencias e emerxencias hipertensivas. Hipertensión xestacional, pre-eclampsia e eclampsia. Shock. Medicamentos antihipertensivos.

Tema 34. Farmacoterapia dos problemas cardíacos e vasculares II: insuficiencia cardíaca. Arritmias cardíacas. Estratexias terapéuticas.

Tema 35. Farmacoterapia dos problemas cardíacos e vasculares III: cardiopatía isquémica. Procesos isquémicos cerebrais e periféricos. Estratexias terapéuticas.

Tema 36. Farmacoterapia dos problemas hemostáticos: antiagregantes, anticoagulantes e antitrombóticos. Tratamento das anemias. Atención farmacéutica do paciente anticoagulado.

Tema 37. Farmacoterapia dos problemas endocrinolóxicos e da nutrición I: estratexias terapéuticas na *diabetes mellitus* tipo 1 e 2. Tratamento das complicacións.

Tema 38. Farmacoterapia dos problemas endocrinolóxicos e da nutrición II: dislipemias. Estratexias terapéuticas.

Tema 39. Farmacoterapia dos problemas dixestivos I: náuseas e vómitos. Epigastralxia. Úlcera gastroduodenal. Gastropatía por AINES. Medicamentos procinéticos, antieméticos, antiácidos, antiulcerosos. Estratexias terapéuticas.

Tema 40. Farmacoterapia dos problemas dixestivos II: trastornos da motilidade gastrointestinal. Laxantes e antidiarreicos. Espasmolíticos. Estratexias terapéuticas.

Tema 41. Farmacoterapia dos problemas dixestivos III: enfermidade inflamatoria intestinal crónica. Insuficiencia pancreática. Terapia biliar. Obesidade. Encefalopatía hepática.

Tema 42. Farmacoterapia dos problemas da respiración I: tose. Medicamentos antitusivos, expectorantes e mucolíticos.

Tema 43. Profilaxe e tratamento de asma e EPOC. Estratexias terapéuticas.

Tema 44. Farmacoterapia en procesos alérxicos: rinite. Conxestión nasal. Urticaria. Shock anafiláctico. Vacinas individualizadas para procesos alérxicos.

Tema 45. Inmunización en atención primaria. Calendario vacinal na Comunidade Autónoma de Galicia. Vacinas antibacterianas e antivirais. Tramitación.

Tema 46. Farmacoterapia das patoloxías do sistema inmunitario. Paciente transplantado. Inmunsupresores e inmunomoduladores.

Tema 47. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria I: betalactámicos, tetraciclina, aminoglicósidos, macrólidos, lincosánidos e estreptograminas.

Tema 48. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria II: quinolonas, sulfamidas, nitroderivados e outros antibacterianos.

Tema 49. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria III: infeccións ORL. Infeccións respiratorias. Infeccións xenito-urinarias.

Tema 50. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria IV: quimioprofilaxe e tratamento da tuberculose.

Tema 51. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria V: medicamentos antivirais. Farmacoterapia das infeccións víricas: gripe, virus respiratorio sincitial, herpes, VIH, hepatitis e citomegalovirus.

Tema 52. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria IV: farmacoterapia das micosis sistémicas e cutáneas en atención primaria.

Tema 53. Farmacoterapia antiinfeciosa en atención primaria V: farmacoterapia das parasitoses.

Tema 54. Antisépticos e desinfectantes.

Tema 55. Farmacoterapia da patoloxía ocular. Sequidade ocular. Glaucoma. Queratite herpética. Infeccións bacterianas oculares.

Tema 56. Farmacoterapia da patoloxía dermatolóxica: acné, psoríase e dermatite atópica.

Tema 57. Farmacoterapia da patoloxía tumoral: antineoplásicos. Medicamentos coadjuvantes na terapia oncolóxica.

Tema 58. Farmacoterapia do sistema hormonal I: hipotálamo e hipófise (hormona de crecemento). Tiroide.

Tema 59. Farmacoterapia do sistema hormonal II: glándulas suprarrenais: mineralocorticoides e glucocorticoides. Estratexias terapéuticas.

Tema 60. Farmacoterapia do sistema hormonal III: endocrinoloxía reprodutiva: anticoncepción, fertilidade e menopausia. Patoloxía prostática. Disfunción eréctil. Dopaxe.

Tema 61. Factores fisiolóxicos que modifican a resposta aos medicamentos: modificacións na poboación pediátrica e xeriátrica. Factores patolóxicos que modifican a resposta aos medicamentos: insuficiencia hepática, cardíaca e renal.

Tema 62. Atención farmacéutica individualizada ao paciente. Concepto. Seguimento individualizado da terapéutica medicamentosa. Problemas relacionados cos medicamentos.

Tema 63. Interaccións medicamentosas. Mecanismos básicos de interacción. Interaccións de relevancia clínica en atención primaria.

Tema 64. Medicamentos no embarazo e lactación. Clasificación dos medicamentos en función da súa teratoxenia potencial.

Tema 65. A intoxicación medicamentosa. Principios básicos do seu tratamento. Antídotos.

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 23 de novembro de 2006
pola que se lle dá publicidade á resolución
de adxudicación de diversos contratos.*

Por resolución do secretario xeral, actuando no nome do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por delegación de competencias, segundo a Orde do 11 de agosto de 2005, resolveu adxudicar os seguintes contratos:

-Servizo para o mantemento da infraestrutura da rede corporativa de comunicacións da Xunta de Galicia: *Satec, S.A.*, por un importe de 127.680 € (cento vinteseite mil seiscientos oitenta euros).

-Asistencia para desenvolver sistemas informáticos corporativos para o impulso das técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas nas relacións dos cidadáns coa administración autonómica galega: *Altia Consultores, S.L.*, por un importe de 161.888 € (cento sesenta e un mil oitocentos oitenta e oito euros).

-Asistencia para a realización de traballos de análise funcional e control de calidade dos sistemas informáticos da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:

Lote 1: *Soluziona, S.A.*, por un importe de 95.000 € (noventa e cinco mil euros).

Lote 2: *Softgal, S.A.*, por un importe de 92.334,84 € (noventa e dous mil trescentos trinta e catro euros con oitenta e catro céntimos).

-Asistencia para a realización de traballos de intelixencia de negocio, técnica de sistemas, realización de formularios e formación para a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas:

Lote 1: *Altia Consultores, S.L.*, por un importe de 14.000 € (catorce mil euros).

Lote 2: *Softgal, S.A.*, por un importe de 61.132 € (sesenta e un mil cento trinta e dous euros).

Lote 3: *Altia Consultores, S.L.*, por un importe de 28.800 € (vinte e oito mil oitocentos euros).

Lote 4: *Softgal, S.A.*, por un importe de 40.500 € (corenta mil cincocentos euros).

-Subministración de 200 ordenadores 300 monitores con tecnoloxía TFT, 20 portátiles, 90 memorias USB e 90 impresoras láser para a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas: *Softgal, S.A.*, por un importe de 165.000 € (cento sesenta e cinco mil euros).

-Subministración da adquisición e instalación dun dispositivo de pesca e indexación: *Sitesa, S.A.*, por un importe 68.764,80 € (sesenta e oito mil setecentos sesenta e catro euros con oitenta céntimos).

-Adquisición e instalación de equipos servidores co software necesario para a súa completa xestión e administración para a ampliación do Centro de Proceso de Datos corporativo da Xunta de Galicia: *Inforhouse, S.L.*, por un importe de 229.980 € (douscentos vinte e nove mil novecentos oitenta euros).

-Subministración e instalación dun sistema de prevención de intrusionas para a conexión a internet da rede corporativa da Xunta de Galicia: *Unisys, S.L.*, por importe de 105.685,85 € (cento cinco mil seiscientos oitenta e cinco euros con oitenta e cinco céntimos).

-Subministración dunha ampliación da infraestrutura tecnolóxica existente na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas:

Lote 1: *Softgal, S.A.*, por un importe de 63.000 € (sesenta e tres mil euros).

Lote 2: *Softgal, S.A.*, por un importe de 68.000 € (sesenta e oito mil euros).

Lote 3: *Softgal, S.A.*, por un importe de 93.000 € (noventa e tres mil euros).

-Subministración de licenzas antivirus: *Core-main, S.L.U.*, por un importe de 20.630 € (vinte mil seiscientos trinta euros).

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2006.

Juan José Gómez Romero
Director xeral de Calidade
e Avaliación das Políticas Públicas

*Resolución do 23 de novembro de 2006
pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto, dun contrato de servizos para o seguimento de información en medios de comunicación e sistemas de arquivo. (Expediente 01/07 SXAP).*

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Presidencia da Xunta de Galicia.

Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral de Análise e Proxección.

Número de expediente: 01/07 SXAP.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: o seguimento e arquivo das noticias publicadas en prensa e emitida por emisoras de radio e televisión, relativas aos seguintes temas:

Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en atención extrahospitalaria, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada epígrafe do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada epígrafe será el cociente enteiro, despreciándose os decimais.

En ningún caso, a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural, poderá valorarse por riba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

En ningún caso un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintas epígrafes do baremo. De igual xeito, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en varios servizos o unidades, tanto do mesmo como de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas en devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

O período de formación para a obtención do título de especialista non poderá ser valorado, en ningún caso, como tempo de servizos prestados.

Os servizos prestados durante o período en que se desfrute dunha redución de xornada para o coidado de familiares, serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución.

Para a valoración dos servizos prestados en institucións privadas os/as interesados/as deberán presentar documentación que acredite que están concertadas e/ou acreditadas para a docencia. Noutro caso, os devanditos servizos non serán obxecto de valoración.

Para a valoración dos servizos prestados en institucións ou centros de calquera país da Unión Europea, os/as interesados/as deberán presentar documentación que acredite a titularidade pública ou privada deles. Noutro caso, os devanditos servizos non serán obxecto de valoración.

3. Outras actividades: 10% (4 puntos).

a) Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e táboa de valoración:

-Publicacións en revistas científicas:

Primeiro cuartil da especialidade: 0,30 puntos.

Segundo cuartil da especialidade: 0,20 puntos.

Outras revistas: 0,10 puntos.

-Libros ou capítulos de libros:

Capítulo de libro: 0,30 puntos.

Libro completo: 1 punto.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas do traballo en que conste o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario ou índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

b) Por cada premio de investigación outorgado por sociedades científicas a traballos publicados en revistas científicas en materias relacionadas coa categoría:

-Premio de ámbito internacional: 1 punto.

-Premio de ámbito nacional: 0,50 puntos.

-Premio de ámbito autonómico/local: 0,25 puntos.

c) Por cada participación en proxectos de investigación do Ministerio de Sanidade e Consumo ou dun servizo de saúde:

-Investigador principal: 1 punto.

-Investigador colaborador: 0,25 puntos.

d) Por pertencer a Redes de Investigación do Instituto de Saúde Carlos III:

-Por cada rede temática de investigación: 0,30 puntos.

ODONTÓLOGOS PRIMARIA

-Parte común.

Tema 1.-A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos/as españois/as. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2.-Estatuto de autonomía de Galicia. Estructura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración pública galega.

Tema 3.-A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos/as usuarios/as do sistema sanitario público.

Tema 4.-O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5.-O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6.-A Lei de saúde de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7.-A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da Atención Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8.-Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas institucións sanitarias e medidas de prevención. Principios básicos do Plan xeral de prevención de riscos laborais do Servizo Galego de Saúde.

-Parte específica.

Tema 1.-Estatística sanitaria. Parámetros estatísticos. Razón, taxas, índices, axustes e estandarización de taxa. Índices que definen unha distribución: medidas de centralización e dispersión. Test de hipóteses. Significación estatística. Aspectos básicos de estatística inferencia e descritiva. Principios, métodos e aplicacións á odontoloxía.

Tema 2.-Epidemioloxía. Concepto. Medidas de frecuencia, asociación e de impacto. Epidemioloxía descritiva, analítica e experimental. Tipos de estudos. Características do deseño. Ensaio clínicos. Epidemioloxía en odontoloxía.

Tema 3.-Demografía sanitaria. Demografía estática e dinámica. Análise de datos. Métodos de identificación de problemas de saúde. Indicadores demográficos, socioeconómicos, do nivel de saúde, ambientais. Elaboración de programas de saúde e a súa avaliación.

Tema 4.-Historia clínica en odontoloxía. Anamnese e antecedentes. Exploración. Exames complementarios. Diagnóstico, prognóstico e plan de tratamento.

Tema 5.-Concepto de historia natural da enfermidade dental. Determinantes da saúde bucodental.

Concepto de odontoloxía preventiva e comunitaria. Niveis de prevención. Principios da prevención e da promoción da saúde.

Tema 6.-Medición da enfermidade en odontoloxía comunitaria. Enquisas de saúde bucodental. Diagnóstico en odontoloxía. Variabilidade diagnóstica. Índices máis utilizados.

Tema 7.-Prevención de riscos laborais en odontoloxía. Identificación e prevención de riscos. Prevención da transmisión de enfermidades na clínica odontolóxica.

Tema 8.-Programa de saúde bucodental. Actividades de prevención e promoción da saúde bucodental.

Tema 9.-Técnicas radiolóxicas de uso común en odontoloxía. Normas de protección radiolóxica. Outras técnicas de imaxe en odontoloxía. Diagnóstico diferencial dos procesos dentarios, óseos e dos tecidos brandos do aparello estomatognático.

Tema 10.-Carie dentaria: concepto, etioloxía, patogenia e anatomía patolóxica. Formas topográficas da carie. Diagnóstico, prognóstico e tratamento. Detección do risco de carie.

Tema 11.-Prevención da carie dentaria. Placa bacteriana. Métodos de remoción mecánica da placa e de control químico con axentes antimicrobianos. Consello dietético.

Tema 12.-Os fluoruros en odontoloxía. Mecanismos preventivos do flúor. Seladores de fisuras. Bases científicas. Indicacións e técnicas.

Tema 13.-Programas preventivos individualizados da carie na clínica odontolóxica. Programa preventivo básico e en función do risco do doente. Doentes de alto risco. Importancia do reforzo. Programas preventivos bucodentais para grupos específicos. Persoas con discapacidade física ou psíquica.

Tema 14.-Patoloxía pulpar: pulpites reversibles e irreversibles. Necrose pulpar. Patoloxía periapical.

Tema 15.-Bases biolóxicas para a restauración dental. Tratamento do complexo dentino pulpar. Tratamentos conservadores da vitalidade pulpar. Protección pulpar directa. Protección pulpar indirecta. Grandes reconstrucións do grupo anterior e posterior.

Tema 16.-Tratamentos endodónticos. Apicoformación. Apicectomía. Quistectomía. Anatomía, fisioloxía, diagnóstico e preparación biomecánica. Técnicas de obturación radicular. Materiais. Accidentes e complicacións. Restauración do dente desvitalizado. Tocos e pernos intrarradiculares.

Tema 17.-Descrición e tratamento das lesións endoperiodontais combinadas. Síndrome do dente fisurado ou estalido radicular.

Tema 18.-Defectos conxénitos e adquiridos do esmalte e a dentina. Diagnóstico e tratamento. Fluorose dental.

Tema 19.-Materiais empregados nas restauracións dentais: conceptos básicos. Propiedades fisicoquí-

micas e biolóxicas. Aplicacións básicas. Resinas e adhesivos dentinarios.

Tema 20.-Enfermidade periodontal. Concepto. Clasificación. Etioloxía. Epidemioloxía. Índices periodontais máis usados. Clínica. Diagnóstico e tratamento. Detección do risco de doenza periodontal. Enfermos de alto risco.

Tema 21.-Prevenición e control mecánico e químico da placa bacteriana. Programas preventivos individualizados da enfermidade periodontal na clínica odontolóxica. Motivación do doente periodontal. Importancia do reforzo.

Tema 22.-A intervención cirúrxica. Estudos preoperatorios. Tempos operatorios en cirurxía bucal. Hemostase. Técnicas de sutura.

Tema 23.-Indicacións das diferentes técnicas anestésicas en cirurxía bucal. Administración de anestesia local: tópica, por presión, inxectable. Infiltración ou inxección troncular: no arco mandibular e no arco maxilar.

Tema 24.-Contraindicacións e efectos secundarios da anestesia local. Fracasos e complicacións da anestesia local. Prevenición e tratamento das complicacións.

Tema 25.-Anestesia xeral e tratamento odontolóxico. Tipos de anestesia xeral. Indicacións. Clasificación ASA para anestesia.

Tema 26.-Exodoncia, indicacións e contraindicacións. Uso adecuado do instrumental para a exodoncia. Tratamento e pautas de conduta despois da exodoncia. Accidentes e complicacións da exodoncia. Extracción de dentes deciduos.

Tema 27.-Exodoncia de restos radiculares. Exodoncias complexas. Exodoncia cirúrxica. Odontosección: técnicas e indicacións. Exodoncias de dentes supernumerarios.

Tema 28.-Dentes incluídos: cordais, cainos e outros. Estudo clínico-radiolóxico. Patoloxía do terceiro molar. Patoloxía, clínica e tratamento do terceiro molar incluído.

Tema 29.-Infección odontóxena: concepto, etioloxía, bacterioloxía clínica, vías de propagación, cadros clínicos, complicacións sépticas: celulite, osteíte e osteomielite. Diagnóstico e tratamento.

Tema 30.-Cirurxía periapical. Indicacións. Técnicas cirúrxicas.

Tema 31.-Quistes dos maxilares. Quistes odontoxénicos. Quistes non odontoxénicos. Pseudoquistes.

Tema 32.-Frenectomía. Cirurxía preprotésica. Vestibuloplastia. Alveoloplastia.

Tema 33.-Traumatismos alvéolo dentarios e dos maxilares. Diagnóstico das fracturas craniofaciais. Tratamento de emerxencia.

Tema 34.-Traumatoloxía dentaria. Concepto, clasificación. Lesións inmediatas e tardías. Prevenición dos traumatismos dentais e diagnóstico.

Tema 35.-Tratamento das lesións traumáticas (I). Avaliación do dente lesionado. Reimplante dentario: indicacións e técnica. Dentes temporais lesionados: consideracións especiais. Grao de reabsorción radicular. Estabilización de dentes lesionados. Indicacións de ferulización do grupo anterior.

Tema 36.-Tratamento das lesións traumáticas (II). Problemas de espazo. Mantedores de espazo. Tipos de restauracións temporais. Prevenición de infección e tétanos. Tratamento da dor.

Tema 37.-Morfoloxía e función da mucosa e submucosa da cavidade bucal: proxección clínica. Estrutura e funcións. Particularidades da mucosa da lingua e o labio. Aspectos inmunolóxicos da mucosa bucal.

Tema 38.-Lesións elementais macroscópicas e microscópicas da mucosa bucal: concepto, clasificación e proxección clínica.

Tema 39.-Lesións da mucosa bucal por axentes mecánicos, físicos, químicos e medicamentos.

Tema 40.-Biopsia en odontoestomatoloxía. Indicacións e tipos.

Tema 41.-Hiperplasias e tumores benignos dos tecidos brandos bucais: tecido conectivo, muscular, adiposo, nervioso, dos vasos e outros.

Tema 42.-Lesións premalignas da cavidade bucal.

Tema 43.-Cancro bucal: epidemioloxía, etiopatoxenia factores predispoñentes, determinantes. Diagnóstico e prevención. Carcinoma de células escamosas. Carcinoma verrugoso. Carcinoma de células fusiformes. Melanoma. Tumores derivados do tecido conectivo. Tumores metastásicos. Prevenición do cancro oral desde a atención primaria.

Tema 44.-Infeccións por cocos e bacilos: impétigo, queilite angular, granuloma telanxiectásico, celulite, xinxivite ulceronecrotizante aguda.

Tema 45.-Infeccións específicas da mucosa oral: sífilis. Tuberculose. Lepra. Actinomicose.

Tema 46.-Doenzas víricas con repercusións en odontoloxía: herpes simple, herpes varicela-zóster, herpanxina, papilomavirus. Virus de Epstein-Barr, citomegalovirus.

Tema 47.-Infeccións por fungos da mucosa oral: clasificación das micoses. Clínica, diagnóstico e tratamento. Candidiase.

Tema 48.-Lesións ulceradas da mucosa oral: aftas e aftose. Lesións vesículo ampolosas orais: pénfigo, penfigoide, epidermólise ampolosa, eritema exudativo multiforme. Doenza de Behçet.

Tema 49.-Lique plano oral: cadro clínico, exploracións complementarias, evolución e tratamento.

Tema 50.-Manifestacións orais das enfermidades autoinmunes: clínica, diagnóstico, prognóstico e tratamento.

Tema 51.-Morfoloxía das glándulas salivares. Alteracións do fluxo salival. Desordes traumáticas e obstrutivas: mucocelos e sialolitase.

Tema 52.-Enfermidades infecciosas e inflamatorias das glándulas salivares. Sialoadenite. Síndrome de Sjögren.

Tema 53.-Desordes dexenerativas glandulares: sialodenoise, oncocitose, sialometaplasia necrotizante. Patoloxía salivar en doentes infectados por VIH.

Tema 54.-Patoloxía da lingua. Glosopatías non clasificadas.

Tema 55.-Dor músculo-esquelética mastigatoria e dor vascular. Dor neuroxena e neuropatías: neuralxia do trixémino. Outras neuralxias esenciais do macizo craniofacial.

Tema 56.-Manifestacións das desordes da hemostase. Diátese hemorráxica. Manexo do enfermo odontolóxico con alteracións da hemóstase. Manexo do enfermo odontolóxico en tratamento anticoagulante ou/e antiagregante.

Tema 57.-Consideracións odontolóxicas no paciente con trastornos cardiovasculares. Profilaxe da endocardite bacteriana.

Tema 58.-Consideracións odontolóxicas no paciente con enfermidades hepáticas e/ou insuficiencia renal.

Tema 59.-Consideracións odontolóxicas no paciente con enfermidades metabólicas. O paciente diabético.

Tema 60.-Manifestacións orais das desordes do metabolismo endócrino, de principios inmediatos e vitaminas.

Tema 61.-Consideracións odontolóxicas no paciente con desordes neurolóxicas. Párkinson e enfermidade de Alzheimer.

Tema 62.-Consideracións odontolóxicas no paciente en tratamento oncolóxico. Efectos secundarios da quimioterapia e radioterapia na área cervicofacial. Prevención.

Tema 63.-Manifestacións orais das enfermidades hematolóxicas: anemias, policitemias, linfomas, leucemias, leucocitose.

Tema 64.-Manifestacións orais da infección por VIH: diagnóstico, prognóstico e tratamento. Principais enfermidades relacionadas.

Tema 65.-Prevención e control das infeccións cruzadas no gabinete odontolóxico, técnicas de barreira. Asepsia. Indicacións e metodoloxía. Protocolos de actuación ante accidentes biolóxicos.

Tema 66.-Actitude do neno na consulta odontolóxica. Técnicas de manexo da conduta en odontopediatría.

Tema 67.-Erupción dentaria. Cronoloxía e alteracións. Exame radiográfico. Dentes supernumerarios: mesiodens.

Tema 68.-Crecemento e desenvolvemento craneofacial no neno. Normalidade e patoloxía.

Tema 69.-Maloclusións: concepto e etiopatoxenia. Factores locais, xerais e hábitos. Niveis de prevención. Medidas preventivas en pacientes con tratamento ortodóncico. Prevención, diagnóstico e tratamento das maloclusións en pacientes intervidos de fisura palatina, labio leporino e malformacións esqueléticas.

Tema 70.-Mantemento do espazo en dentición decidua. Efectos e consecuencias da perda prematura da dentición temporal

Tema 71.-Antibióticos, antiinflamatorios, analxésicos e antisépticos de uso frecuente en odontoestomatoloxía. Indicacións, posoloxía, contraindicacións e efectos secundarios. Instrucións para a correcta formalización do tratamento.

Tema 72.-Consideracións odontolóxicas na embarazada.

Tema 73.-Odontoxeriatria. Principais problemas bucodentais nas persoas maiores. Prevención e tratamento. Tratamento odontolóxico no paciente poli-medocado.

Tema 74.-Articulación temporomandibular. Anatomía. Fisioloxía do movemento oclusal. Fisioloxía do movemento da apertura oral. Exploración. Técnicas de diagnóstico pola imaxe.

Tema 75.-Disfuncións craniomandibulares: fisiopatoloxía, clínica, exploración, diagnóstico e tratamento. Desordes funcionais dos músculos da masticación.

Tema 76.-Desordes inflamatorias e dexenerativas do complexo articular temporomandibular. Lesións traumáticas e luxacións do complexo articular temporomandibular.

Tema 77.-Displasias e distrofias óseas: enfermidade de Paget, displasias fibrosas, osteolise masiva, distrofias e displasias hereditarias, metabólicas e hormonais.

Tema 78.-Tumores osteoxénicos e outras tumoracións óseas.

Tema 79.-Tumores odontoxénicos benignos e malignos.

Tema 80.-Procesos neoformativos dentarios. Concepto e clasificación: dentinarios, pulpares e cementarios.

Tema 81.-Urxencias en odontoestomatoloxía. Prevención, diagnóstico e tratamento. Técnicas de reanimación cardiopulmonar.

Tema 82.-O tabaco como factor de risco nas enfermidades bucodentais. Papel do odontólogo no tratamento do tabaquismo.

-Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría ou especialidade sanitaria en institucións sanitarias do Sergas ou de fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,04 puntos/mes.

Para os efectos do cómputo dos servizos prestados, estarase ao establecido no artigo 6.2º e no parágrafo tres da disposición transitoria primeira do Decreto 290/2001, do 31 de outubro, polo que se crea a categoría de médico de urxencias hospitalarias.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizará máis de 130 horas, soamente se poderá valorar un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

A antigüidade como especialista de quen accedese ao título en virtude do Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro, valorará, segundo o disposto na Lei 62/2003, de 23 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orden social, a totalidade do exercicio profesional efectivo do interesado dentro do campo propio e específico da especialidade, descontando de tal exercicio e no período inicial del o 170 por 100 do período de formación establecido para a dita especialidade en España. O indicado desconto non se producirá respecto de quen obtivese o título de especialista de acordo co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1497/1999.

Para a valoración dos servizos prestados en institucións ou centros de calquera país da Unión Europea, os interesados deberán presentar documentación que acredite a súa titularidade pública ou privada.

3. Outras actividades: 10% (3 puntos).

a) Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría, apreciados libremente polo tribunal conforme os seguintes criterios e a táboa de valoración:

Publicación revista: 0,25.

Capítulo de libro: 0,30.

Libro completo: 1,00.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun mesmo libro.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado daqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire ao traballos publicados en revistas, só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o nome da revista, ou título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Para rematar, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas en que conste o título do libro, o sumario ou índice del, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

b) Por cada bolsa dun organismo oficial para proxectos científicos ou premios de investigación en materias relacionadas coa categoría a que se opta e ata un máximo de 2 puntos: 0,50 puntos.

URXENCIAS HOSPITAL

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 5. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Provisión e selección de prazas. Réxime retributivo. Xornada de traballo. Permisos e licenzas.

Tema 6. A Lei de ordenación sanitaria de Galicia. O sistema sanitario de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde.

Tema 7. A atención primaria da saúde: concepto e características xerais. A ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección. Asistencia especializada: concepto e características xerais. A ordenación da atención especializada na Comunidade Autónoma de Galicia. Órganos de dirección.

Tema 8. Saúde laboral: concepto. Principais riscos nas II.SS. e medidas de prevención. Principios básicos do Plan xeral de prevención de riscos laborais do Sergas.

Parte específica.

Tema 9. Soporte vital básico. Soporte vital avanzado adultos. Soporte vital avanzado nenos.

Tema 10. Insuficiencia cardíaca e edema agudo de pulmón. Shock.

Tema 11. Arritmias: bradiarritmias, taquiarritmias; fibrilación auricular e flutter.

Tema 12. Intoxicación dixitálica.

Tema 13. Dor torácica aguda: síndrome coronaria aguda, disección aórtica, pericardite, taponamento cardíaco, miocardite.

Tema 14. Urxencias /Emerxencias hipertensivas.

Tema 15. Patoloxías arterial e venosa periféricas agudas.

Tema 16. TEP.

Tema 17. Disnea aguda. Crise asmática.

Tema 18. EPOC. Derrame pleural. Neumotórax. Hemoptise.

Tema 19. Neumonía adquirida na comunidade e nosocomial.

Tema 20. Patoloxía esofáxica urxente.

Tema 21. Dor abdominal aguda.

Tema 22. Hemorragia dixestiva alta e baixa.

Tema 23. Gastroenterite aguda.

Tema 24. Obstrución intestinal. Complicacións agudas das hernias.

Tema 25. Patoloxía aguda da vía biliar: colecistite. Cólico biliar.

Tema 26. Pancreatite.

Tema 27. Complicacións de hepatopatía: ascite, ictericia, encefalopatía hepática, peritonite bacteriana.

Tema 28. Procesos agudos na rexión anorrectal.

Tema 29. Cefaleas. Vertixes. Crises epilépticas.

Tema 30. Síncope. Coma.

Tema 31. Accidentes cerebrovasculares. Hemorragia subaracnoidea.

Tema 32. Síndrome menínxeo.

Tema 33. Síndrome confusional agudo.

Tema 34. Diabete e as súas complicacións: coma hiperosmolar, cetoacidose, hipoglucemia.

Tema 35. Trastornos hidroelectrolíticos: hipo/hipernatremia, hipo/hiperpotasemia, hipo/hipercalcemia, alteracións do equilibrio ácido-base, deshidratación.

Tema 36. Insuficiencia renal aguda e crónica.

Tema 37. Hematuria. Retención aguda de ouriños. Cólico nefrítico.

Tema 38. Síndrome escrotal aguda.

Tema 39. Infeccións urinarias baixas e altas.

Tema 40. Síndrome febril en pacientes inmunodeprimidos: trasplantados, oncolóxicos, VIH.

Tema 41. Monoartrites agudas. Poliartrites.

Tema 42. Cervicalxia. Ombreiro doloroso. Lumbaxia. Lumbociática.

Tema 43. Vómitos, mucosites e diarrea posquimioterapia.

Tema 44. Urticaria, anxioedema e anafilaxia.

Tema 45. Infeccións en ORL: sinusite, absceso periamigdalár, otite e farinxite.

Tema 46. Disnea farínxea. Epiglotite. Corpus extraños.

Tema 47. Epístaxis.

Tema 48. Parálise facial periférica.

Tema 49. Diagnóstico diferencial do ollo vermello.

Tema 50. Perda brusca da visión.

Tema 51. Traumatismos oculares e maxilofaciais.

Tema 52. Celulite cervicofaciais.

Tema 53. Procesos odontolóxicos agudos.

Tema 54. Actitude diagnóstica e tratamento xeral das intoxicacións agudas. Antagonistas e antídotos.

Tema 55. Intoxicación etílica aguda. Intoxicación por outras drogas: anfetaminas, cocaína, drogas de deseño, opiáceos.

Tema 56. Intoxicacións medicamentosas: benzodiazepinas, antidepressivos tricíclicos e IRS, litio, ácido acetilsalicílico e paracetamol.

Tema 57. Intoxicación aguda por insecticidas: organofosforados, carbamatos, organoclorados. Intoxicación por cogomelos. Intoxicación por CO e cáusticos.

Tema 58. Queimaduras: térmicas, eléctricas.

Tema 59. Hipotermia. Golpe de calor.

Tema 60. Atención inicial ao politraumatizado.

Tema 61. TCE. Lesión medular.

Tema 62. Traumatismos toracoabdominais: penetrantes e pechados.

Tema 63. Fracturas e luxacións cintura escapular e membro superior. Fracturas e luxacións membro inferior. Fracturas e luxacións pelve e columna vertebral.

Tema 64. Embarazo ectópico. Eclampsia e preeclampsia. Hemorragia obstétrica.

Tema 65. Fármacos no embarazo e na lactación.

Tema 66. Metrorragia. Infeccións xenitais.

Tema 67. Intento de autolise. Axitación psicomotriz. Abrocho psicótico.

Tema 68. Apendicite aguda.

Tema 69. Feridas: scalp, lesións musculares e tendinosas, feridas penetrantes.

Tema 70. Mordeduras e picaduras máis comúns.

Tema 71. Enfoque práctico do tratamento da dor en urxencias. Dor oncolóxica.

Tema 72. Aspectos médico-legais da asistencia en urxencias: maltrato, agresións sexuais, documentos médico-legais.

Tema 73. Actitude do Servizo de Urxencias ante unha catástrofe interna ou externa.

Tema 74. Organización dos servizos/dispositivos de urxencia. Triaxe ou clasificación.

Tema 75. Infeccións respiratorias na infancia: laringotraqueíte aguda, bronquiolite, neumonías adquiridas na comunidade.

Tema 76. Patoloxía pediátrica: crise asmática, GEA, síndrome febril, crises convulsivas, enfermidades exantemáticas.

Resolución do 22 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de pediatra de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 29 de xullo), regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no Decreto 238/2006, do 21 de decembro (*Diario Oficial de Galicia* nº 245, do 22 de decembro) polo que se aproba a oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006, procede agora acordar e publicar as bases que van rexer a convocatoria da devandita oferta.

Esta convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo co artigo 14 da Constitución española, a Directiva comunitaria do 9 de febreiro de 1976 e as previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Polo tanto, este centro directivo, logo da negociación coa representación sindical no seo da Mesa Sectorial de Negociación e no uso das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, resolve convocar concurso-oposición para o ingreso na categoría de pediatra de

atención primaria do Servizo Galego de Saúde, de acordo coas seguintes:

Bases:

Primeira.-Normas xerais.

1. Convócase concurso-oposición para o acceso á categoría de pediatra de atención primaria.

2. O número de prazas que se cubrirán neste proceso selectivo é o que se especifica no anexo I, con expresión das reservadas ás quendas de acceso libre, promoción interna e, se é o caso, reserva do cinco por cento das prazas convocadas en número enteiro, para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento, de acordo coa disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, reformada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre o emprego público de discapacitados.

3. No caso de que as prazas reservadas para a quenda de persoas con discapacidade non sexan cubertas, acumularanse ás da quenda de acceso libre. Así mesmo, no caso de que algún aspirante con discapacidade que se presentase pola quenda de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes da quenda de acceso libre, será incluído pola súa orde de puntuación na quenda de acceso libre.

4. De conformidade co establecido no artigo 25.1º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo e o artigo 3.1º do Decreto 238/2006, do 21 de decembro, en atención ás especiais circunstancias que concorren nesta categoría e coa unanimidade de todas as organizacións sindicais presentes na mesa de negociación, establécese unha porcentaxe de prazas reservadas á quenda de promoción interna do 15% do total das prazas ofertadas.

As prazas da quenda de promoción interna que non sexan cubertas acumularanse ás da quenda de acceso libre.

5. Os aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas. Se da instancia que presenten non se deduce a súa opción, serán excluídos na lista provisional de admitidos e excluídos que se publique. De non emendar o defecto da instancia, serán incluídos de oficio na quenda de acceso libre. Xa que logo, tras a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera outro tipo de corrección ou aclaración respecto diso.

Segunda.-Requisitos dos candidatos.

Todos os requisitos exixidos nesta base deberán ser posuídos polos aspirantes, de calquera quenda de acceso, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias e teranse que manter ata